

## APORTACIÓN Ó CATÁLOGO DE MYXOMYCETES DE GALICIA, III

por  
L.CABO REY \*

### Resumo

Aportación corolóxica de 10 especies de Myxomycetes recollidas polo autor en Galicia nos tres últimos anos. Delas, 9 son novidade para o Catálogo Micolóxico Galego e 4 para o da Península Ibérica.

Palabras clave: Myxomycetes, Coroloxía, Galicia, España, Península Ibérica.

### Summary

Chorological contribution of 10 Myxomycetes species collected by the author in Galicia during last three years. 9 of them are new records for the Galician Catalogue, and 4 for the Iberian Peninsula.

Keywords: Myxomycetes, Chorology, Galicia, Spain, Iberian Peninsula.

### INTRODUCCIÓN

Esta nova contribución, resultado das prospeccións realizadas en Galicia durante os 3 últimos anos, como membro do Grupo Micolóxico Galego “Luis Freire”, redúcese a aquelas especies que non se recolleran con anterioridade en Galicia ou nalgunha das súas provincias (CABO REY, 1989, 1995, 1998). De 4 delas non coñecemos ningunha mención para a Península Ibérica (LADO, 1993).

Cada taxon vai acompañado dunha breve descrición identificativa macroscópica e microscópica, con hábitat, localidade e data do achádego; asimesmo, figura a

referencia ó herbario particular do autor (CR).

Para a identificación das especies empregáronse as obras de carácter xeral FARR, 1976, LISTER, 1925, MARTIN ET ALEXOPOULOS, 1969 e NANNENGA-BREMEKAP, 1991.

Con esta aportación, o rexistro galego de Myxomycetes está moi próximo ós 150.

### CATÁLOGO

*Arcyodes incarnata* (Alab. & Schw.)

**O.F. Cook**

= *Licea incarnata* Alb. & Schw.

---

\* C/ Montero Ríos 22, 1º C. 15.706. Santiago de Compostela.

Irregular agrupación de esporanxios sé-siles, ovales, de 0,6-0,8 mm, deformados por compresión mutua, de cor vermella-cobrizo-ocre. Peridio mate non uniforme por ocos e rugosidades; dehiscinde irregularmente con persistencia dun cálculo mal conformado.

Capilicio de cor crema suxeito á cara interna do peridio, formando unha rede pouco expansiva de cordóns de irregular calibre (4-6  $\mu$ m), sen bandas, con verrugas piramidais, de hasta 2  $\mu$ m, con tendencia á disposición helicoidal. Algúns tramos, os máis delgados, carecen de ornamentación. Esporas en masa de cor crema; por transparencia incoloras, esféricas, de 6-8  $\mu$ m con escasas e diminutas verrugas. Plasmodio non observado.

OURENSE: A Gudiña, Raigada, sobre casca de *Quercus robur*, 20-X-1999 (CR78M99).

Primeira cita para Galicia e probablemente para a Península Ibérica.

***Collaria lurida* A. Lister**

Esporanxios estipitados, de 1-1,6 mm. Esporoteca esférica, de 0,5-0,6 mm, inicialmente negra, madura en pardo con iriscións plateadas e bronceadas. O pé permanece negro e casi dobra o diámetro da esporoteca; a súa base ensanchada aplícase a un hipotalo discoide negro-púrpura. Peridio evanescente por pequenos segmentos, ábrese ó final irregularmente polo centro persistindo por veces pequenos restos basais. Columela cilíndrica, negra como o pé, acada o centro da esporoteca para resolverse en ramas onduladas, sen verrugas, que se subdividen, entrecruzan e anastomosan para formar unha rede cada vez máis fina con extremidades libres na periferia. Esporas en masa pardo-púrpura, ó microscopio pardo-claro; esféricas de 7,5 – 8,75  $\mu$ m, con finas verrugas e extensas agrupacións.

Plasmodio gris-parduzco claro.

PONTEVEDRA: O Grove, sobre casca de *Pinus pinaster*, 25-I-1998 (CR17M98).

Primeira cita para Galicia e probablemente para a Península Ibérica.

***Didymium eximium* Peck**

= *D. nigripes* var. *eximium* (Peck) A.Lister

Extensa fructificación de exemplares estipitados, con esporoteca esférica, máis ou menos aplanada e umbilicada, de 0,5-0,8 mm. Peridio pálido, cuberto de grumos brancos de calcio. Pseudocolumela rugosa, aplanada, esbrancuxada, por engrosamento do peridio umbilical. Pé en forma de fuso, aproximadamente dobre do diámetro da esporoteca que se introduce profundamente na súa base; negro cara abaixo, pardo-vermellizo no centro e ocre-alaranxado no alto. Hipotalo discoide negro-vermellizo. Capilicio, de filamentos finos, pouco ramificados e conxestionados, bastante claro, pero con tramos oscuros. Esporas en masa de cor parda intensa; por transparencia parda-violada, esféricas de 8,5-9 (9,5)  $\mu$ m, ornamentadas con finas verrugas agrupadas irregularmente.

A base do pé está chea de gránulos disformes, de 1-3  $\mu$ m. Os cristais da espóra miden  $\frac{1}{2}$  -  $\frac{1}{3}$  das esporas.

Plasmodio condensado, pardo-violáceo no primeiro achádego.

A CORUÑA: Muros, Louro, sobre casca de *Pinus pinaster*, 17-V-1998; Santiago, sobre follas secas de *Azalea* nun xardín, 17-VIII-1999 (CR60M99).

Primeira cita para A Coruña. Xa citada para Galicia por Portela & Lado (1984) en Bueu (Pontevedra), sobre *Eucalyptus globulus*.

***Enteridium liceoides* (A.Lister) G.Lister**

= *E. olivaceum* var. *liceoides* A.Lister

Un etalio vermiforme, de 3 cm x 2-3 mm, outro irregular de 2 cm x 7 mm; ambos dous de 1-1,5 mm de groso.

Superficie gris-oscuro olivácea brillante, con perforacións e dehiscencia superior irregular. Pseudo-capilicio pardo-bronceado, con placas desgarradas, adheridas á cara interna da parede do etalio. Hipotalo desbordante, cor crema. Esporas libres esféricas un pouco piriformes, se están agrupadas; miden 10-13  $\mu\text{m}$  e a súa cor é parda olivácea clara, con verrugas (non espiñas); ornamentación restrinxida á cara libre das agrupadas.

Plasmodio de cor rosa viva.

OURENSE: A Gudiña, Raigada, sobre madeira de *Pinus*, 20-X-1999 (CR77M99).

Recollido en fase plasmodial, fructificou ás 72 horas. É primeira cita para Galicia.

***Lepidoderma chailleti* Rostaf.**

= *L. carestianum* (Rabach) Rostaf.; *L. nivicolum* Meylad

Curtos plasmodiocarpus lineales de 4 x 1 mm de groso e esporanxios illados esféricos ou pulvinados, sésiles, de 1 mm. Cor negra grisácea, con sutís estriacións e decoración branca de plaquetas discoides. Peridio simple, pero resistente, pardo, con dehiscencia superior irregular. Capilicio filamentosos, pardo, de 1,5-2  $\mu\text{m}$ , con discretas dilatacións, ramificado e conxionado, formando un conxunto arborescente desde a ampla columela basal, oscura con motas brancas. Hipotalo inconspicuo. Esporas negras en masa, por transparencia pardo-oscuros cun tinte violáceo, esféricas, de 11,5-13  $\mu\text{m}$ , con abundantes verrugas tronco-cónicas, por veces agrupadas sen formar retículo.

Plasmodio non observado.

OURENSE: Peña Trevinca (2100 m) sobre caule de gramínea, na beira de neveiro, 20-VI-1999 (J.A.Díaz-Núñez) (CR40M99).

É o primeiro achádego en Galicia dunha especie nivícola. Noutro hábitat, sobre rama de caducifolia e na Ulla Baja (Vedra, A Coruña), xa fora citada (CABO

REY, 1987). Descoñecemos outros achádegos na Península Ibérica.

***Physarum confertum* Macbr.**

Esporanxios globosos de 0,5-0,6  $\mu\text{m}$ , sésiles ou cun minúsculo pé, ou formando curtos plasmodiocarpus de 2 mm. Hipotalo pardo vermellizo. Peridio gris-purpúreo, delicadamente granuloso e algo iridiscente. Capilicio “physaroides” parcialmente “badhamioides”, con evidentes nódulos irregulares unidos por filamentos non sempre calcificados, que forman unha rede pouco rixida, inconsistente. Sen columela. Esporas libres, en masa pardo-oscuros, por transparencia parda-violáceo clara, de 10-12,5  $\mu\text{m}$ , con abundantes verrugas por veces agrupadas.

Plasmodio de cor amarela.

OURENSE: A Gudiña, Raigada, “meruliácea” sobre *Quercus robur*, 20-X-1999 (CR68M99).

Recollida por J. Cardoso en fase plasmodial, fructificou ás 248 horas. Primeira cita para Galicia e probablemente para a Península Ibérica.

***Physarum flavidum* (Peck) Peck**

Esporanxios esféricos, ovales, en forma de ril, algúns comprimidos lateralmente, 0,5-0,8 mm, cun pé que comunmente non supera a metade da esporoteca, groso, asucado, erecto, alaranxado na madurez. Tanto o pé coma a esporoteca inicialmente son negros, a última cúbrese de grumos calcáreos, moi regulares de tamaño e distribución, variando a cor de branca a crema-amarelada. Peridio dobre: o extremo calcificado se desprende espontaneamente deixando á vista a membrana interna translúcida. Hipotalo discoide, pardo. Capilicio constituído por pequenos nódulos ovales, brancos dos que parten finísimos e curtos filamentos que os unen. Non hai columela. Esporas en masa de cor negra; por transparencia

pardo-púrpura, esféricas, de 11,5-13 µm con abundantes verrugas.

Plasmodio de cor parda-amarelenta.

PONTEVEDRA: Silleda, Vilatuxe, sobre excremento de vaca, 15-III-1998 (CR42 M98).

Primeira cita para Galicia; da Península Ibérica, sómentes coñecemos a cita de ALMEIDA (1982), da serra da Arrabida.

***Physarum straminipes* A.Lister**

Esporotecas esféricas, máis ou menos ovoideas, de 0,4-0,8 mm e hasta 1,3 mm. de altura, aparentemente sésiles. Hipotalo reticular, cremoso, que desprende curtas, delgadas e flácidas prolongacións a modo de pés. Peridio dobre, o extremo con grosa capa cálcica blanzuca, moi firme, resquebráxase irregularmente no alto deixando na base un remedo de copa, coa parede interna vermelliza. Capilicio con nódulos brancos, lobulados, conectados por delicados cordóns, que integran un conxunto pouco estable. Non hai columela. Esporas en masa de cor negra absoluta; ó microscopio negras, cun lixeiro tinte purpúreo, esféricas pouco regulares, de 11-13,5 (15) µm, con verrugas obscuras, en apretadas e extensas agrupacións, que deixan entre elas liñas claras ou zonas desprovistas de ornamentación.

Plasmodio de cor branquecina-suxa.

A CORUÑA: Ortigueira, A Capelada, sobre excrementos de équidos, en bosque de *Pinus radiata*, 13-III-1999 (CR33M99).

Primeira cita para Galicia.

***Trichia contorta* (Ditmart) Rostaf. var. *karstenii* (Rost.) B.Ing**

Plasmodiocarpos serpenteantes, de 0,25-0,4 mm de groso e de 1-2 cm de lonxitude, ensarillados ás veces, de cor parda-vermelliza. Peridio dobre, o externo incrustado de partículas e o interno membranoso, con dehiscencia

desigual. Hipotalo casi inconspicuo, pardo, non desbordante. Capilicio amarelo, con eláteres de 3-5 cm, con terminacións curtas, por veces romas, poucas bifurcacións e anastomosis e ensanchamentos case vexigosos frecuentes; ornamentación de bandas estreitas moi frouxas, e raras espiñas diminutas. Esporas en masa amarelas, por transparencia moi claras, finamente granuladas, esféricas de 13-14 µm de diámetro.

Plasmodio non visto.

Presenta ben definidas as diferencias co tipo: capilicio con poucos extremos libres e con lixeiros ensanchamentos intercalados, ornamentación de bandas moi frouxas e (case) ausencia de espiñas.

LUGO: Monforte, beira do río Cabe, sobre *Populus nigra*, 15-V-2000 (CR29M00).

Primeira cita para Galicia.

***Stemonitis axifera* (Bull.) Macbr.**

Esporocarpos en apretadas agrupacións pero ben individualizados, de hasta 18 mm correspondendo  $\frac{1}{3}$  ó pé. A esporoteca, irregularmente cilíndrica por depresións no seu traxecto, adelgázase tanto na cima coma na unión co pé. Peridio evanescente, primeiro de cor parda-vermelliza, máis tarde parda-viñosa clara. Pé capilar, negro, lustroso, opaco. Hipotalo común pardo-negruzco. A columela cilíndrica, negra, vai dando ramas parduzcas con expansións discretas que conforman un capilicio interno de 3 mallas; a rede capilicial externa, persistente e sen ramas libres, está constituída por finas ramas claras e mallas oblongas ou poligonais, de 8-45 µm. Esporas en masa pardas, ó microscopio preséntanse pálidas, pardo-vermellizas, esféricas de 5,5-7 µm, con finas granulacións e sen retícula.

Plasmodio branco, a punto de fructificar.

LUGO: Bóveda, sobre *Pinus pinaster*, 12-V-2000 (CR23M00).

Primeira cita para a provincia de Lugo. Xa foi citada para Galicia en Pontevedra (Bueu) por PORTELA & LADO (1990).

#### AGRADECEMENTOS

A tódolos membros do Grupo Micolóxico Galego “Luis Freire” que tanto se afanan en agasallarme con todo o que se asemella a un Myxomycete. Ó Dr. C. Lado sempre desinteresado á hora de aclarar dúbidas, rexeitar ou confirmar especies. A Marisa Castro o habitual ofrecemento da súa indispensable axuda, constructiva crítica e necesarias correccións e a Ana Soliño a axuda no mecanografiado e traducción.

#### BIBLIOGRAFÍA

CABO REY, L. (1989). Myxomycetes. Contribución al catálogo de Galicia. *Braña, monogr. 1 (Actas I Congreso Macromicología Galaico-Lusa)*: 67-72

CABO REY, L. (1995). Aportación al catálogo de Myxomycetes de Galicia. II. *Bol. Soc. Micol. Madrid* 20: 59-69

CABO REY, L. (1998). Contribución ó catálogo dos Myxomycetes da Península Ibérica. *Mykes* 1: 17-21

FARR, M.L. (1976). *Myxomycetes, Flora neotrópica*. Botanical Garden. New York, 1-11.

LADO, C. (1993). Bases Corológicas de Flora Micológica Ibérica: 1-305. *Cuadernos de Trabajo de Flora Micológica Ibérica* 1. CSIC. Madrid.

LISTER, A. (1925). Mycetozoa. 3<sup>th</sup> edition. British Museum. London.

MARTIN, G.W. & ALEXOPOULOS, C.J. (1969). The Myxomycetes. *University of Iowa Press*. Iowa.

NANNENGA-BREMEKAP, N.E. (1991). A Guide to temperate Myxomycet. *Biopress Limited*. Bristol.